

LIÑAS TEMPORAIS



DIPITY

Miguel Mourón Regueira


Índice de contido

1.- Introducción.....	3
2.- Rexistro e inicio de sesión en Dipity.....	3
2.1.- Creando unha nova liña temporal.....	5
3.- Traballando coa liña temporal.....	6
3.1.- Engadindo eventos.....	7
3.1.1.- Engadindo un evento de xeito manual.....	7
3.1.2.- Engadindo eventos co buscador.....	12
3.2.- Editando e eliminando eventos.....	19
3.2.1.- Eliminando eventos individuais.....	19
3.2.2.- Editando un evento.....	20
3.2.3.- Eliminando unha fonte de eventos.....	21
4.- As liñas de tempo e os Blogs.....	26
4.1.- Incrustando a liña temporal.....	26
4.2.- Creando eventos a partires dun Blog.....	27
5.- Outras opcións de visualización.....	31

1.- Introducción

Dipity é unha ferramenta web para a creación de liñas temporais, as cales nos permiten presentar dun xeito visual e atractivo os datos que desexemos ordenados temporalmente.

O efecto final dunha liña temporal creada con *Dipity* é máis ou menos o seguinte:



Existen outras ferramentas con funcionalidades similares a *Dipity*, como poden ser:


- <http://xtimeline.com>
- <http://www.myhistro.com/>
- <http://www.meograph.com/> (Orientado á creación de contidos multimedia)
- <http://timeglider.com/>
- <http://www.timetoast.com/>
- <http://timerime.com/es/> (Ten a vantaxe de estar en español)
- ...

A parte das anteriores existen máis ferramentas similares. Neste manual usaremos *Dipity* xa que é unha das máis utilizadas, pero para o traballo cos alumnos ó mellor é interesante considerar a posibilidade de traballar con *timerime*.

2.- Rexistro e inicio de sesión en *Dipity*


O rexistro e inicio de sesión en *Dipity* para comezar a traballar faise de xeito similar a como facemos con outras ferramentas da web 2.0. O primeiro é entrar na páxina de *Dipity*: <http://www.dipity.com/>

Unha vez entramos nesa dirección veremos a seguinte pantalla:



The screenshot shows the Dipity website interface. At the top left is the Dipity logo. To the right are links for 'Sign In' and 'Join Dipity', with a red arrow pointing to the 'Join Dipity' button. Below the navigation bar are tabs for 'Create a Timeline', 'Hot Topics', and 'Dipity Premium', along with a search bar. The main content area displays a 'Find Em All Internet Memes Timeline' with various meme cards such as 'Leave Britney Alone!', 'Literal Videos', 'Mereana Mordegard Glesgorv', and 'Rebecca Black "Friday"'. A 'Feedback' button is visible on the right side.

Na parte superior dereita debemos premer en *Sign In* si xa temos unha conta creada en *Dipity* para iniciar sesión e comezar a traballar. En caso de non ter conta creada premeremos en *Join Dipity* para que nos apareza o formulario de creación dunha nova conta:



The screenshot shows the 'Join Dipity (or sign in)' registration form. It includes the following fields: 'First Name' (with a placeholder 'Enter your first name'), 'Last Name', 'Username' (with a URL example 'http://www.dipity.com/username'), 'Password', and 'Email'. Below the form is a CAPTCHA section with the words 'stock' and 'catal' and a text box labeled 'Escribe las dos palabras:'. To the right of the CAPTCHA is the 'reCAPTCHA' logo with the text 'stop spam. read books.'. A red arrow points to the yellow 'Join' button at the bottom of the form.

Cubriremos os datos que nos solicita e premeremos en *Join*. A partires dese momento xa poderemos traballar con *Dipity* usando a nosa conta de usuario:

Copyright © 2011 Underlying, Inc. [Blog](#) | [Help](#) | [About](#) | [Developers](#) | [Contact](#) | [Directory](#) | [Privacy Policy](#) | [Terms of Service](#)

2.1.- Creando unha nova liña temporal

Como podemos ver na imaxe anterior, cando entramos coa nosa conta de usuario podemos ver un botón que nos permite crear unha nova liña temporal. Prememos nel e aparecerá a seguinte pantalla:

- Create a Timeline


Start by entering some basic information about the topic of your timeline. You can edit this information later.

Topic Name:

Description:

Category: Please choose one... ▼

Timezone: (GMT+01:00) Central European Time ▼

Topic Thumbnail:  or

Permissions: Private Anyone

Can View ▼


People you follow Can Contribute ▼

The following people _____ ▼

Enter user names or email addresses separated by commas

Nesa pantalla introduciremos un título e unha pequena descrición para a nosa liña temporal. Ademais indicaremos si queremos que a nosa liña sexa privada (soamente a poderemos ver nós) ou pública. Por outra banda podemos tamén indicar si as persoas que ven a liña a poden editar ou non (ou engadir direccións de correo electrónico de usuarios que desexemos que a poidan editar ou ver).

Neste caso imos crear unha liña simple para probas e facela pública:



Create a Timeline

Start by entering some basic information about the topic of your timeline. You can edit this information later.

Topic Name:

Description:

Category:

Timezone:

Topic Thumbnail: or

Permissions: Private Anyone

Can View:

People you follow:

The following people:

Enter user names or email addresses separated by commas

Prememos agora no botón *Continue to Add Events* para comezar a traballar con esa liña temporal.


3.- Traballando coa liña temporal

Unha vez introducimos os datos da nosa liña temporal e a creamos xa podemos comezar a traballar con ela.

O traballo cunha liña temporal en *Dipity* consiste basicamente en engadir *eventos*, que serán os elementos de información que se amosarán na liña.

3.1.- Engadindo eventos


Ó comezar a traballar coa nosa liña apareceranos a seguinte pantalla:



Nesa pantalla poderemos ver os eventos que xa temos introducidos na nosa liña temporal (polo de agora o único evento que temos engadido é o de creación da liña temporal). Podemos ver que se nos ofrecen varios xeitos de engadir eventos á nosa liña temporal. Veremos neste manual algúns deles.

3.1.1.- Engadindo un evento de xeito manual

A primeira opción que temos para engadir un evento é a que pon *Add Event*:




Esa opción permítenos a creación dun evento de xeito manual. Cando prememos nesa opción poderemos ver esta pantalla:

Add Event
Add an **Individual Event** to your timeline using the form below.

Title

Date

Description

Picture  Upload or
Paste an image URL here.

Link

Location

Video URL


Nela introduciremos un título para o evento, a data na que se produciu o mesmo e unha descrición. Podemos tamén poñer unha imaxe que acompañe o texto, un enlace a unha páxina web unha localización e un enlace a un vídeo se o desexamos. Vexamos un exemplo:

Add Event
Add an **Individual Event** to your timeline using the form below.

Title

Date

Description


Picture  Upload or

Link

Location

Video URL

Pulsamos en *Add Event* e vemos o evento engadido:




Add events to Liña temporal de probas

Build your timeline by adding individual events or connecting sources from around the web.

Existing Events

- Existing Events: Sources automatically updating Liña temporal de probas
- Add Event: Select a service to add to your timeline!
- Search: Events added to Liña temporal de probas
 - Dipity Timeline Created Remove
 - Primer viaje Remove
- Photos

Prememos agora no botón *Continue* e apareceranos a pantalla para configurar a nosa liña de probas:



Advanced Settings for Liña temporal de probas

Put the finishing touches on your timeline. Set zoom levels, center on date, time zone and more.

Default Zoom: Automatic

Center on Date: Automatic

Tags:


Allow Comments: On Events On Timeline

Themes:

- Classic
- Dipity 3 (default)
- Mono
- Mono Games

Save and View Timeline

Pulsamos en *Save and View Timeline* e vemos o resultado do noso traballo:



Liña temporal de probas 1 View | Topic Settings

Follow +1 0 Recomendar Sé el primero de tus amigos en recomendar esto.

Timeline Flipbook List Map Embed Search

Add an Event

Primer viaje
3 Aug 1492

Powered by: dipity

Lembremos que ademais de incluír unha imaxe (que podemos ver na captura anterior) tamén indicamos na creación do noso evento unha localización. Se prememos na visualización anterior no evento co rato veremos o seguinte:



Vemos a información que introducimos no evento e uns botóns para compartir esta entrada nas redes sociais. Vemos ademais unha opción chamada *Map*. Se prememos nela co rato veremos o seguinte:



Nesta vista podemos ver en *Google Maps* a situación indicada cando introducimos o evento.

Acabamos de ver o sinxelo que é introducir un evento simple na nosa liña temporal.

Posteriormente veremos como engadir eventos con máis posibilidades multimedia, coma vídeos, por exemplo. Vexamos agora como engadir novos eventos na nosa liña temporal.

Na pantalla de visualización da nosa liña temporal podemos ver na esquina da mesma un botón que nos vai a permitir engadir novos eventos:




Premendo nese botón aparece a seguinte pantalla:

A screenshot of the 'Add an Event' form. The form has a dark header with the title 'Add an Event' and a close button (X). The form contains several input fields: 'Title' (text), 'Date' (calendar icon), 'Description' (text area), 'Picture' (image upload area with 'Upload or' text and a 'Paste an image URL here.' field with an 'OK' button), 'Link' (text), 'Location' (text), and 'Video URL' (text). At the bottom right, there are three buttons: 'Cancel', 'Save + Add Another', and 'Save'.


Esa pantalla é practicamente a mesma que xa utilizamos ó introducir o evento anterior.

3.1.2.- Engadindo eventos co buscador

Si estamos na pantalla de visualización da nosa liña temporal podemos ver un enlace na mesma que pon *Topic Settings*:



Premendo nel entraremos na pantalla de configuración da nosa liña temporal:



Nesa pantalla poderemos modificar os datos que introducimos no momento de crear a nosa liña. Si miramos na parte inferior da páxina veremos a pantalla de orixes de eventos que xa vimos nun apartado anterior:

Events and Event Sources

Existing Events

- Add Event
- Search
- Photos
- Videos
- Blogs
- Music
- Messaging
- Timelines
- Other

Sources automatically updating Liña temporal de probas
Select a service to add to your timeline!

Events added to Liña temporal de probas

- Dipity Timeline Created Remove
- Primer viaje Remove

[Save and View Timeline](#) [Delete Timeline](#)

Si prememos na opción *Search* poderemos engadir eventos de xeito automático dende diferentes servizos web:

Events and Event Sources

Existing Events

- Add Event
- Search**
- Photos

Search

Select a service below to populate your timeline with posts matching the search term of your choice.

- Twitter
- Flickr
- YouTube
- Google News

Premendo no botón do servizo que desexemos aparecerannos as opcións de busca dese servizo. Por exemplo, se prememos en *YouTube* aparecerá o seguinte:

Events and Event Sources

Existing Events

Add Event

Search

Photos

Videos

Blogs

Music

Messaging

Timelines

Search

Select a service below to populate your timeline with posts matching the search term of your choice

Twitter Flickr YouTube Google News

YouTube Search

Enter a **YouTube search term** below, and we'll go fetch the 20 most recent matching videos and keep it updated.

Keyword

Import from YouTube

Poñendo as palabras desexadas para a busca e premendo en *Import from YouTube* importaranse á nosa liña os 20 vídeos máis recentes sobre a temática buscada:

Twitter Flickr YouTube Google News

YouTube Search

Enter a **YouTube search term** below, and we'll go fetch the 20 most recent matching videos and keep it updated.

Keyword

Import from YouTube

O resultado será o seguinte:

Events and Event Sources

Existing Events

Add Event

Search

Photos

Videos

Sources automatically updating **Liña temporal de probas**

YouTube Search - Posts from [http://gdata.youtube.com/feeds/base/Videos?q=Viajes Cristobal Colón&client=ytapi-youtube-search&alt=rss&v=2](http://gdata.youtube.com/feeds/base/Videos?q=Viajes+Cristobal+Colón&client=ytapi-youtube-search&alt=rss&v=2) Remove


Events added to **Liña temporal de probas**

Dipity Timeline Created	Remove
Primer viaje	Remove

Podemos ver como se engadiu a fonte de *YouTube* na nosa liña. Se salvamos os cambios e volvemos á nosa liña temporal veremos o resultado final:

The screenshot shows a Dipity timeline interface. At the top, it says "Liña temporal de probas" with "4 Views" and "Topic Settings". There are buttons for "Follow", "+1", "Recomendar", and social media share icons (Twitter, Facebook, Digg, StumbleUpon). Below the title, there are tabs for "Timeline", "Flipbook", "List", and "Map". The main area displays a vertical timeline with several video thumbnails and titles, such as "Cuarto viaje de Cristóbal Colón-Visió..." (22 Jan 2011), "primer viaje de cristobal colón SD/Fi..." (3 Aug 2012), "Primer viaje de Colón" (11 Feb 2010), "¿Quién descubrió América? (1/6)" (19 May 2011), "4 viajes de cristobal colón 4 voyages ..." (28 Aug 2012), "Segundo viaje de Colón" (11 Feb 2010), "Los cuatro viajes de Cristóbal Colón ..." (7 Jun 2011), "Los viajes de Cristóbal Colón Social..." (26 Dec 2012), "LOS CUATROS VIAJ..." (4 Aug 2010), "CRISTOBAL COLON -..." (21 Jul 2011), and "OSCAR D' LEÓN Y SU ..." (1 Sep 2012). At the bottom, there is a year slider from 2010 to 2014 and a "Powered by: dipity" logo.


Vemos que se engadiron todas esa entradas de xeito automático. O problema que temos é que se engaden na nosa liña coa data de creación do vídeo en *YouTube*:




No noso caso, xa que estamos a crear unha liña temporal sobre as viaxes de Colón coas datas nas que se produciron, non nos interesan estas entradas. Veremos nun apartado posterior como eliminálas.

A parte dos eventos xerados dende *YouTube*, que neste caso non nos interesan, podemos incrustar eventos a partires doutros buscadores. Unicamente debemos seleccionar o servizo que desexamos utilizar nas diferentes opcións que nos ofrece *Dipity*:


Fotos:




Vídeos:




Blogues:






Música:







Mensaxería:



Outras liñas temporais:

Existing Events	Timelines		
Add Event	 Include Dipity Timeline	 Copy Dipity Timeline	 Simile Timeline XML
Search			
Photos			
Videos			
Blogs			
Music			
Messaging			
Timelines			

Outros servizos (RSS, Marcadores, ...)

Existing Events	Other			
Add Event	 Yelp	 Digg	 Delicious	 Any RSS Feed
Search				
Photos				
Videos				
Blogs				
Music				
Messaging				
Timelines				
Other				

3.2.- Editando e eliminando eventos

3.2.1.- Eliminando eventos individuais

Vimos nun apartado anterior que ó introducir os vídeos de *YouTube* na nosa liña aparecían datas que non nos interesaban, polo que decidimos eliminar esa entrada.

Si quixésemos eliminar unicamente un dos eventos introducidos podemos facer click sobre o evento a eliminar:



Aparecerá a vista completa dese evento:



Vemos na parte superior dereita un enlace que pon *Delete*. Premendo nel eliminamos o evento que xa non queremos. O problema que temos é que unicamente eliminamos ese evento particular, non todos os engadidos coa busca. Veremos nun punto posterior como eliminalos todos xuntos, pero vexamos antes como editar eses eventos.

3.2.2.- Editando un evento

Supoñamos que algún dos eventos que temos nos interesa pero a data que ten non está correcta. Editarémolo para axustalo.

Por exemplo, vemos que hai un vídeo de *YouTube* sobre a primeira viaxe:



A data que aparece é do ano 2010, pero podemos editar a entrada para modificala. Premeremos no evento e aparecerá a seguinte pantalla:



Prememos agora no botón *Edit* da parte superior dereita e teremos a pantalla de edición:

Editing Primer viaje de Colón

Title:

Date:

Description:

Picture: or

Link:

Location:

Video URL:

Na pantalla de edición modificamos os datos do evento, colocando a data desexada:




Editing Primer viaje de Colón

Title:

Date:

Description:

Salvamos os cambios e vemos na nosa liña temporal como se recolocou o evento:




3.2.3.- Eliminando unha fonte de eventos.

Vimos no apartado 3.2.1 como eliminar un evento simple, pero o que nos interesa eliminar son todos os vídeos que inserimos usando a busca. Para iso editamos a nosa liña usando o botón *Topic Settings* visto antes:



Na pantalla que aparece podemos ver todos os eventos introducidos si nos movemos á

parte inferior da páxina:




Events and Event Sources

Existing Events	Sources automatically updating Liña temporal de probas
Add Event	YouTube Search - Posts from http://gdata.youtube.com/feeds/base/videos?q=Viajes Cristobal Colón&client=ytapi-youtube-search&alt=rss&v=2 Remove
Search	Events added to Liña temporal de probas
Photos	Dipity Timeline Created Remove
Videos	Primer viaje Remove

Premeremos no botón *Remove* asociado á fonte que desexamos eliminar. Aparecerá un diálogo solicitando confirmación:

Do you really want to remove YouTube Search from this timeline?

Prememos en *Aceptar* e eliminaremos o evento:



Events and Event Sources

Existing Events	Sources automatically updating Liña temporal de probas
Add Event	Select a service to add to your timeline!
Search	Events added to Liña temporal de probas
Photos	Dipity Timeline Created Remove
	Primer viaje Remove

Si salvamos os datos e volvemos a nosa liña temporal veremos o seguinte:

The screenshot shows a Dipity timeline interface. At the top, the title is 'Liña temporal de probas' with '6 Views | Topic Settings'. Below the title are social media sharing options (Follow, +1, Recomendar) and a 'Share:' section with icons for Twitter, Facebook, Digg, and StumbleUpon. The timeline navigation bar includes 'Timeline', 'Flipbook', 'List', and 'Map'. A vertical axis on the left has a '+' sign at the top and a '-' sign at the bottom. A single event is visible: 'Primer viaje' on '3 Aug 1492', accompanied by a coat of arms. A 'Dipity' logo is in the bottom right corner. The bottom of the interface shows a timeline axis with markers for '16th C', '17th C', '18th C', '19th C', '20th C', and '21st C'. The text 'Powered by: dipity' is visible in the bottom right corner of the timeline area.

Na imaxe anterior podemos ver que se eliminaron **todos** os eventos introducidos coa busca en *YouTube*, incluído o que editamos no punto anterior. Debemos ter en conta iso e, no caso de querer un vídeo en particular sen depender dunha busca que nos engade vídeos que non desexamos, engadilo coma un novo evento coa opción axeitada:

The screenshot shows the 'Add an Event' form. It has a title bar with 'Add an Event' and a close button. The form contains the following fields and options:

- Title:
- Date:
- Description:
- Picture: Upload or
- Link:
- Location:
- Video URL: (indicated by a red arrow)

At the bottom right, there are three buttons: 'Cancel', 'Save + Add Another', and 'Save'.

Temos na nosa liña tamén unha entrada coa data de creación da propia liña que nos

molesta:



Esa entrada fai que as datas da parte inferior da liña temporal se amosen en séculos, xa que é grande a distancia temporal entre os dous eventos creados. Se ben podemos xogar co *zoom* da liña temporal para ver as datas por anos, realmente esa entrada non nos interesa, polo que procedemos a borrarla usando o método visto no apartado 3.2.1. O resultado será o seguinte:



Vemos como a liña temporal se axustou (cando refrescamos a páxina) e agora amosa os meses. Segundo vaiamos engadindo eventos novos (coma as outras viaxes de Colón) iremos vendo os anos:

Editing Segundo viaje

Title

Date

Description

Picture  Upload or

Link

Location

Video URL

Liña temporal de probas 9 Views | Topic Settings

Follow  +1 0  Recomendar  Sé el primero de tus amigos en recomendar esto.

Share:     

Timeline Flipbook List Map

Add an Event



Powered by 

1492 | 1493 | 1494

4.- As liñas de tempo e os Blogs

Nos apartados anteriores vimos como crear unha liña de tempo introducindo eventos ben de xeito manual (que será o que máis usemos cos alumnos normalmente), ben de xeito automático a través dunha busca ou outras opcións. Esta forma de traballar permite a realización de certas tarefas cos alumnos dun xeito fácil e entretido.

Outra das utilidades das liñas temporais é que nos permiten incrustalas na nosa páxina web ou *Blog* dun xeito sinxelo. Vexamos como conseguir incrustar a nosa liña nun blog.


4.1.- Incrustando a liña temporal

Para incrustar a liña temporal na nosa páxina ou blog debemos facelo do mesmo xeito que cun vídeo de *YouTube* ou outras ferramentas similares. Unicamente necesitaremos o código HTML que nos permitirá visualizar a liña.

Para obter o código necesario premeremos no enlace que pon *Embed* na parte superior dereita da nosa liña:



Apareceranos a seguinte pantalla:



Nela axustaremos as opcións de visualización e o tamaño que desexemos e copiaremos o código que podemos ver no apartado correspondente:

```
Embed Code
<div class="dipity_embed" style="width:600px"><iframe width
```

Ese código pegarémolo do xeito usual no noso *Blog* ou páxina e xa teremos incrustada a liña temporal.

4.2.- Creando eventos a partires dun *Blog*


Outra opción que nos ofrecen as liñas temporais para o traballo con *Blogs* é a creación dunha liña temporal a partires das entradas que imos creando no *Blog*.

Supoñamos que temos o noso *Blog* persoal ou outro que nos interesa:




Podemos crear unha liña temporal a partires das entradas que van aparecendo nese *Blog*. Vexamos un exemplo.


Cando creamos unha conta en *Dipity*, ademais de poder crear unha liña temporal do xeito visto nos pasos anteriores, apareceranos unha liña temporal persoal, a cal podemos ver premendo na opción *My Topics* :



Aproveitaremos esa liña para enlazala co noso *Blog*. Para iso prememos no enlace *Topic Settings* da liña:




E imos á parte inferior da páxina, onde buscaremos a opción *Blogs*




Escollemos o tipo de *Blog* que estamos a usar (neste caso *WordPress*) e apareceranos a

seguinte pantalla:




The screenshot shows the WordPress import interface. At the top left is the WordPress logo and the text "WordPress". Below it, the instruction reads: "Enter your WordPress blog URL below, and we'll go fetch your 20 most recent posts." There are three input fields: "URL" (empty), "Username" (containing "docegt"), and "Password" (masked with dots). A yellow button labeled "Import from WordPress" is positioned below the password field. At the bottom, a small note states: "We do not store your login information."

Nela introducimos a dirección do *Blog* (os datos de nome de usuario e contrasinal non son necesarios):



This screenshot shows the same WordPress import form as above, but with the "URL" field filled with "http://mmouron.wordpress.com". The "Username" and "Password" fields are now empty. The "Import from WordPress" button and the disclaimer "We do not store your login information." remain visible at the bottom.

E prememos en *Import from WordPress*, co que obteremos o seguinte:



The screenshot displays the "Existing Events" section of a software interface. On the left, there is a vertical sidebar with "Existing Events" at the top and "Add Event" below it. The main area has a light blue background and contains the text "Sources automatically updating Doce G." followed by a red RSS icon and "Feed Page - Posts from http://mmouron.wordpress.com/feed/". A "Remove" button is located on the right side of this entry.

O que nos indica que estamos a usar coma fonte de eventos o noso *Blog*. Se gardamos os cambios e vemos a liña temporal teremos o seguinte:

The screenshot shows a Dipity timeline interface. At the top, it says "Doce G. 2 Views | Topic Settings". There are buttons for "Follow", "Recommend" (with a +1 icon), and "Share" (with icons for Twitter, Facebook, Digg, and StumbleUpon). Below the navigation tabs (Timeline, Flipbook, List), there is a vertical timeline with several entries:

- Sección 4 do Obradoiro** (14 Feb 2011 10:54)
- Manual de blogger** (22 Jan 2012 23:19)
- Ferramentas Web 2.0** (18 Nov 2012 13:28)
- Manual de Moodle** (1 Mar 2012 19:54)
- Manual de Drupal** (20 Mar 2012 23:12)
- Manual de Prezi** (3 Dec 2012 23:07)
- Manual de Wikispaces** (9 Dec 2012 12:41)
- Ferramentas de colaboración** (18 Dec 2012 10:07)

The timeline is set to 2012, with quarters Q2, Q3, and Q4 visible. The Dipity logo is in the bottom right corner.

Premendo en calquera das entradas veremos o contido da entrada do *Blog*:

The screenshot shows a detailed view of a blog entry titled "Manual de Wikispaces". The entry includes a description, a date and time, a link to the manual, and social sharing options.

Manual de Wikispaces
9 Dec 2012 12:41

No enlace de abaixo podedes descargar un pequeno manual de Wikispaces Manual de Wikispaces


Link: <http://mmouron.wordpress.com/2...e-wikispaces/>
Added by: docegt

Share:


Por outra banda, cando creemos novas entradas no *Blog* engadiranse de xeito automático novos eventos na liña temporal para amosar eses cambios. Esta liña temporal poderíamos incrustala na nosa páxina web para ter na mesma unha referencia ó noso *Blog* que sexa vistosa e se actualize automaticamente.

5.- Outras opcións de visualización


Todas as vistas da liña temporal amosadas hasta o de agora representan a liña temporal sobre unha base coas datas que comprenden a mesma, do seguinte xeito:



Existen en *Dipity* outras visualizacións diferentes ás que podemos acceder mediante os enlaces situados na parte superior esquerda da liña:



A opción *Timeline* é a que estamos a usar hasta o de agora. A opción *Flipbook* amosa as entradas coma páxinas de un libro que podemos ir pasando:



Premendo nas frechas que aparecen ós lados podemos movernos entre as entradas creadas, e premendo no enlace *Details* podemos ver máis información do evento:



A opción *List* amosa os eventos creados nunha lista para que poidamos facer *click* neles e ver a información dos mesmos:

Liña temporal de probas 11 Views | [Topic Settings](#)

[Follow](#) +1 0 [Recomendar](#) Sé el primero de tus amigos en recomendar esto.

[Timeline](#) [Flipbook](#) [List](#) [Map](#)



Segundo viaxe
25 Sep 1493
Segundo viaxe de Colón



Primer viaxe
3 Aug 1492
Salida del puerto de Palos

Si os eventos creados teñen configurada a opción de localización que vimos en puntos anteriores teremos unha opción de visualización chamada *Map* que nos amosará o seguinte:

Liña temporal de probas 11 Views | [Topic Settings](#)

[Follow](#) +1 0 [Recomendar](#) Sé el primero de tus amigos en recomendar esto.

Share:

[Timeline](#) [Flipbook](#) [List](#) [Map](#) Embed



Se prememos en algún dos puntos marcados no mapa daranos a información dese punto:



Cando xeramos o código para incrustar a nosa liña temporal nunha páxina ou *Blog* poderemos escoller a visualización por defecto que se vai a usar:

